

PROGRAMACIÓN XERAL ANUAL

IES DO BARRAL

CÓDIGO DO CENTRO 36024781

CAPÍTULO I

Curso 2023/2024

Índice

PLAN ANUAL 2023–2024:	3
CAPITULO I	3
1. OBXECTIVOS ESPECÍFICOS, MEDIDAS A DESENVOLVER E RECURSOS PREVISTOS PARA O CURSO ACADÉMICO	3
2. ACTUALIZACIÓN E AVALIACIÓN DO PLAN ESTRATÉXICO DE MELLORA (PEM)	18
3. HORARIO XERAL DO IES	19
Horario de apertura do centro.....	19
Horario lectivo.....	19
Horario non lectivo.....	19
Horas e condicións da dispoñibilidade de uso das instalacións para o alumnado.....	19
Horario de verán.....	19
4. ORGANIZACIÓN DOS SERVIZOS COMPLEMENTARIOS	20
Transporte escolar.....	20
Xunta de autoprotección.....	21

PLAN ANUAL 2023–2024:

CAPITULO I

1.OBXECTIVOS ESPECÍFICOS, MEDIDAS A DESENVOLVER E RECURSOS PREVISTOS PARA O CURSO ACADÉMICO.

O IES do Barral é un centro dotado duns claros sinais de identidade, acadados mediante o traballo ao redor da convivencia escolar e a xestión dialogada e pacífica dos conflitos, na atención a diversidade do alumnado, nunha comunicación estreita coas familias do alumnado e cun rendemento académico do seu alumnado aceptable. Por tanto, o centro educativo está perfectamente asentado e dotado dunhas características que proxectan unha imaxe positiva na súa contorna.

Pechada esta etapa de asentamento do centro educativo, o proxecto de dirección busca non perder a inercia inicial que impulsou a conformación do centro para encamiñalo cara a inclusión. Para acadar este **obxectivo**, faise necesario poñer en marcha programas e iniciativas centradas en:

1. **Promoción da igualdade** entre homes e mulleres,
2. Impulso da **mediación escolar** e as **prácticas restaurativas** como forma de prevención e resolución de conflitos,
3. Potenciación das **medidas inclusivas de atención á diversidade**,
4. Impulso das **metodoloxía cooperativas**,
5. Transformación dos espazos interiores e exteriores do centro para adaptalos as novas necesidades xurdidas da necesidade da implementación de metodoloxía máis activas e participativas.

Nos últimos catro cursos puxéronse en marcha varios proxectos e iniciativas dirixidas a acadar este obxectivo, como:

- Participación no proxecto E-dixgal en todos os cursos da ESO, utilización xeneralizada das plataformas educativas dixitais, potenciación da comunicación telemática entre o centro e as familias, dixitalización de moitos trámites administrativos. En definitiva, deuse un forte impulso ás tecnoloxías da información e da comunicación como ferramenta de traballo na aula e como forma de comunicación entre os membros da comunidade educativa. O centro experimentou un forte cambio neste campo.
- Realización de varios proxectos interdisciplinares que implicaron unha colaboración para a elaboración e realización destas experiencias de diferente natureza entre o

profesorado de distintos departamentos. Paralelo a isto último, adoptáronse metodoloxías máis participativas e activas nas aulas, realizando co alumnado tarefas máis motivadoras, máis prácticas e centradas na experiencias cotiás do alumnado.

Por outro lado, faise necesario seguir incidindo nas actuacións encamiñadas a mellorar a convivencia no centro, especialmente aquelas que creadoras de vínculos entre o alumnado e deste co profesorado. Nos últimos cursos estamos a detectar a necesidade dunha atención socio-afectiva máis intensa ao noso alumnado, que presenta unha situación de alta vulnerabilidade emocional. Son frecuentes entre o alumnado as dificultades para canalizar a agresividade, reaccións impulsivas, irritabilidade, angustia e estrés. Moito do noso alumnado non son quen de xestionar as emocións e resolver conflitos de xeito dialogado e pacífico, teñen baixa autoestima e autonomía persoal. En moitos casos, as relacións cos compañeiros e compañeiras non son boas e non son sensibles as necesidades dos demais. Ademais as súas expectativas son baixas, o que contribúe ao seu baixo rendemento académico e ao fracaso escolar. Nesta situación faise necesaria desenvolver as competencias persoais (auto-motivación, regulación dos impulsos, auto-estima) e sociais (habilidades de cooperación e traballo en equipo, resolución dialogada de conflitos).

Pero o máis importante que podemos facer neste campo é converter o noso centro nun centro inclusivo que permite establecer vínculos afectivos ao alumnado e desenvolver relacións de amizade, ao tempo que, ao traballar de xeito cooperativos, lle ensina habilidades como cooperación e resolución de problemas, responsabilidade, autocontrol, destrezas de comunicación. Todo isto fomenta a idea no alumnado de que o éxito é posible, aumentando as expectativas do alumnado.

Tendo en conta todo o anterior, as **propostas de mellora do centro** debe ir dirixidas cara a consecución dun **centro inclusivo**. Para acadar esta meta, propoño os seguintes obxectivos e liñas de actuación:

OBXECTIVO Nº 1	Converter a biblioteca no eixe vertebrador da actividade do centro
Actuacións	<ol style="list-style-type: none"> 1. Organizar os espazos da biblioteca, realizando unha nova distribución de fondos e materias para crear diferentes zonas con estética propia e común, que dean cabida ás distintas actividades a desenvolver pola comunidade educativa. 2. Adquirir fondos de libro informativo para corrixir o desequilibrio existente a favor dos libros de ficción. 3. Recatalogar os fondos da biblioteca, xa que o catálogo actual ten moitos erros que dificultan a localización de exemplares. 4. Adquisición de mobiliario versátil e equipamento informático para o posto administrativo da biblioteca. 5. Promoción do traballo por proxectos interdisciplinares. 6. Desenvolver obradoiros e talleres dirixidos a todos os membros da comunidade educativa. 7. Formación de usuarios dirixidas ao alumnado e familias co fin de facilitar o coñecemento da biblioteca (servizos, recursos e organización) e contará coa colaboración do alumnado voluntario. 8. Realización de actividades de fomento da lectura. 9. Desenvolvemento do Plan de lectura do centro. 10. Proposta ao claustro dun Proxecto Documental Integrado (PDI)
Indicadores	<ul style="list-style-type: none"> → Pleno funcionamento dos distintos espazos da biblioteca. → Adquisición de libros informativos ata chegar a porcentaxe do 70% do total → Catalogación correcta ao finalizar o curso. → Desenvolvemento dos proxectos interdisciplinares: proxecto espazos que busca mellorar os espazos do centro e proxecto LOVA. → Realización dun obradoiro mensual durante o recreo ou os luns ao mediodía. → Distribución dun tríptico dixital con información do funcionamento da biblioteca do centro. → Organización dun mínimo dunha actividade coa colaboración do alumnado voluntario sobre o funcionamento da biblioteca dirixida ao alumnado e as familias. → Crear un mínimo de 4 clubs de lectura. → Recuperar a hora de ler rotativa. → Distribuír andeis con material atractivo e postos de lectura informal en cada recuncho do centro que sexa posible, na entrada do centro e nos corredores. → Elaborar o plan de lectura. → Participación dun 30% do claustro no PDI.
Responsables	→ Consello Escolar, Claustro, Equipo directivo, Equipo Biblioteca Escolar.



OBXECTIVO Nº 2	Promover a igualdade entre mulleres e homes, establecendo a coeducación como proposta pedagóxica do centro
Actuacións	<ol style="list-style-type: none">1. Renovación do equipo de igualdade e diversidade do centro e dinamizar o centro en materia de igualdade.2. Fomentar formas de expresión que fagan uso dunha linguaxe inclusiva na aula, nos espazos comúns e na documentación do centro.3. Solicitar a liña de igualdade dos Contratos-Programa (IGUÁLA-T).4. Revisión e/ou aplicación de criterios coeducativos ós materiais didácticos e ós documentos do centro para garantir o emprego dunha linguaxe inclusiva e a presenza de referentes femininos e poñendo en valor e achegando co noso comportamento aqueles referentes masculinos positivos.5. Organizar actividades e obradoiros dirixidas ao alumnado sobre diversidade afectivo-sexual, relacionadas coas relacións amorosas e sexuais na adolescencia.6. Estimular ao alumnado con vocación cara a un tipo formación que lle permita acceder a profesións nas que, por razón de xénero, están infrarrepresentadas/os.7. Organizar actividades e obradoiros coas familias sobre os factores protectores no ámbito familiar para a prevención da violencia de xénero e para establecer pautas de coeducación e de exemplo positivo nas casas.
Indicadores	<ul style="list-style-type: none">→ Organización dunha actividade sobre igualdade por trimestre deixando constancia no caderno de rexistro de actividades do equipo de igualdade.→ Redución na detección de expresións sexistas e non inclusivas nun 10% por curso no caderno de rexistro do equipo de igualdade.→ Realización do seguinte número de actividades enmarcadas no proxecto solicitado dos contratos-programa:<ul style="list-style-type: none">○ Tres accións encamiñadas á prevención, detección e intervención en casos de LGBTIfobia.○ Dúas actividades desenvolvidas para a prevención e abordaxe da violencia de xénero.○ Dúas actividades desenvolvidas para a promoción da igualdade de oportunidades entre mulleres e homes.○ Tres actividades desenvolvidas para a promoción do respecto pola diversidade afectivo-sexual.→ Inclusión no plan de orientación vocacional académico e



	<p>profesional de actuacións e iniciativas que acompañen e faciliten ao alumnado na toma de decisións sobre a eleccións de itinerarios formativos ou profesionais que supoñan a ruptura con barreiras de xénero.</p> <ul style="list-style-type: none">→ Presencia en todos os documentos do centro das medidas indicadas.→ Organización dunha actividade, obradoiro ou charla coas familias sobre prevención da violencia de xénero e para establecer pautas de coeducación no ámbito familiar.
Responsables	<ul style="list-style-type: none">→ Consello Escolar, Claustro, CCP, Equipo directivo, Equipo Biblioteca Escolar, Departamento Orientación, Departamento. Educación Física, Equipo de igualdade.



OBXECTIVO Nº 3	Mellorar o clima de convivencia no centro, impulsando a mediación escolar e as prácticas restaurativas como formas de prevención e resolución de conflitos.
Actuacións	<ol style="list-style-type: none"> 1. Selección e formación alumnado para formar como alumnado axudante e mediadores en conflitos entre iguais. 2. Utilizar as prácticas restaurativas para a cohesión do grupo e como forma de prevención e resolución de conflitos, alternativa ao sistemas de partes de amoestación. 3. Solicitar as liñas de convivencia dos contratos-programa CONVIVE-T, QUEDA-T, EMOCIONA-T. 4. Organización de actividades complementarias dinamizadoras da convivencia. 5. Solicitar a actuación EDU-SAÚDE dentro dos contratos programa para incidir dende o plano físico e o psicolóxico nunha mellora integral do benestar persoal. 6. Realización de enquisas para analizar a situación de convivencia do centro e detectar posibles conflitos. 7. Fomentar o respecto ao medio natural, mediante accións propias no centro: reciclaxe, plantación de arbores, coidado do xardín. 8. Implicar ao alumnado na limpeza e mantemento do Centro, lugar de convivencia común que debe ser coidado por todos, de forma que interiorice esta actitude como parte da educación necesaria para vivir en sociedade, á vez que fomentamos as responsabilidades persoais e colectivas do noso alumnado.
Indicadores	<ul style="list-style-type: none"> → 20% de correccións por faltas graves pola vía conciliadora. → 20% de incremento da participación do alumnado no programa de mediación escolar. → 20% de imposición de medidas correctoras de tipo restaurativo e conciliador trala apertura dun procedemento corrector. → 30% de redución das faltas de orde, apercibimentos e sancións. → Formación dun grupo de aproximadamente 10 alumnos e alumnas mediadores. → Posta en marcha dun proxecto de convivencia dentro da liña dos contratos-programa. → Realizar dúas accións encamiñadas a favorecer e dar promoción a práctica da activade física nos períodos de lecer, dentro e fóra do centro e outras dúas para implantar estratexias e metodoloxías de aprendizaxe que permitan compatibilizar a práctica de actividade física co desenvolvemento das sesións lectivas. → Presentación ao final de curso ao Claustro e o Consello Escolar, ademais da súa publicación na páxina web do centro, dos resultados e conclusión da enquisa de convivencia. → Inicio da realización dun proxecto integral de acondicionamento do espazo exterior do centro enmarcado dentro dos contratos-programa



	<p>e do plan de formación do profesorado.</p> <p>→ Participación de todo o alumnado en actividades de limpeza do exterior do centro seguindo un calendario secuencial elaborado por xefatura de estudos, ademais da posta en marcha dun concurso trimestral que premie ás aulas máis limpas.</p>
Responsables	<p>→ Equipo directivo, Departamento de Orientación, Equipo Biblioteca Escolar, Equipo de Dinamización da Convivencia.</p>

OBXECTIVO Nº 4	Aplicar medidas inclusivas, garantir a igualdade de oportunidades prestando os apoios necesarios e compensando as desigualdades de tipo persoal, familiar o social.
Actuacións	<ol style="list-style-type: none"> 1. Avaliar, atender, orientar e apoiar o alumnado con necesidades específicas de apoio educativo. 2. Facilitar ao profesorado os materiais precisos para a detección, solicitude de avaliación con indicadores cubertos e consenso das pautas de intervención. 3. Impulsar metodoloxías colaborativas que promovan a interacción e cooperación. 4. Organizar os espazos e os tempos para adaptalos ás novas propostas metodolóxicas e organizativas. 5. Continuar coa elaboración dun proxecto de transformación do espazo interior e exterior nun espazo inclusivo. 6. Facilitar ao alumnado tempos e espazos onde coñecerse, relacionarse e fomentar a súa socialización. 7. Agrupamento do alumnado evitando formación de grupos con alumnado de baixo rendemento académico. 8. Coordinación cos servizos sociais ou coas familias para acadar o apoio no ámbito familiar ás medidas tomadas na contorna educativa. 9. Actuacións para a sensibilización da comunidade educativa en materia de respecto e valor á diversidade e de importancia de establecer deseños universais para a aprendizaxe que favorezan a inclusión de todo o alumnado. 10. Participación no programa PROA + para facilitar a atención educativa do alumnado máis vulnerable e previr o risco de abandono escolar. 11. Elaborar a concreción curricular a base de propostas organizativas, metodolóxicas, curriculares e de recursos para acadar os nosos sinais de identidade.
Indicadores	<ul style="list-style-type: none"> → Acadar unha porcentaxe mínima do 20% das materias en 1º e 2º ESO impartidas utilizando traballo cooperativo. → Establecer unha hora semanal de reunión do profesorado titor dos grupos con alumnado con dificultades específicas de aprendizaxe, para ir axustando as intervencións. → Realización dunha reunión quincenal co resto do profesorado titor para atender as necesidades que vaian xurdindo durante o curso e presentar as diferentes unidades das que se compón o PAT. → Organización e desenvolvemento dos clubs da biblioteca escolar (arte, costura, radio, audiovisual e club de lectura) e o programa de voluntariado de biblioteca. → Realización dun mínimo de 10 Intervencións co alumnado e/ou grupos que precisen atención, orientación e apoio por atoparse en risco de fracaso no sistema educativo por diversas razóns. → Redución nun 10% o número de alumnado con necesidades específicas de apoio educativo que non supera todas as materias na avaliación final en ESO e FP Básica.
Responsables	<ul style="list-style-type: none"> → CCP, Equipo directivo, departamento de orientación, Equipo Biblioteca Escolar, titores/as.

OBXECTIVO Nº 5 Mellorar o rendemento escolar do alumnado	
Actuacións	<ol style="list-style-type: none"> 1. Propiciar un cambio metodolóxico baseado no aprendizaxe colaborativo e por proxectos, traballando na aula de forma cooperativa nun proxecto. 2. Fomentar o uso das TIC no proceso de ensino-aprendizaxe potenciando a utilización na práctica educativa cotiá da aula virtual do centro e da plataforma e-dixgal. 3. Solicitud de liña de actuación dos contratos programa EDUInnova, que incide na mellora da competencia matemática-científico-técnica, nz mellorara o nivel de coñecementos do alumnado para desenvolver ao máximo o seu talento e adquisición dun comportamento ambientalmente responsable. 4. Aplicación das seguintes medidas de atención á diversidade: reforzo educativo con profesorado con dispoñibilidade horario na aula nos grupos de 1ºESO, agrupamentos flexibles en 2º ESO, creación dun grupo de PDC, adaptacións curriculares, flexibilización da duración da etapa educativa, intervención do profesor PT e participación no programa PROA + dirixido ao alumnado en situación de vulnerabilidade. 5. Solicitud de participación no programa PROA + para facilitar a atención educativa do alumnado máis vulnerable e previr o risco de abandono escolar.
Indicadores	<ul style="list-style-type: none"> → Acadar unha porcentaxe dun 20 % de departamentos que utilicen a metodoloxía por proxectos en 1º e 2º ESO. → Realización dun proxecto que impliquen a máis dun departamento en 1º e 2º ESO. → Organizar concurso que impliquen a gran número de alumnado sobre un tema matemático. → Redución nun 10% do número de alumnado que non supera todas as materias na convocatoria ordinaria en ESO. → Redución nun 10% do alumnado da ESO que non acada a promoción ao seguinte curso. → Redución nun 10% do alumando que promociona na ESO con materias pendentes.
Responsables	Equipo directivo, Departamento de Orientación, CCP , Equipo Biblioteca Escolar, Departamentos didácticos, Coordinadora TIC e E-DIXGAL.



OBXECTIVO Nº 6	
Impulsar a acción tutorial	
Actuacións	<ol style="list-style-type: none">1. Impulsar a coordinación entre titores, xefatura de estudos e orientador/a.2. Facilitar ao profesorado, tanto en reunións cos equipos docentes coma na aula virtual de orientación dos materiais precisos para a detección, solicitude de avaliación con indicadores cubertos e consenso das pautas de intervención.3. Asignación de dous profesores/as titores/as en cada grupo de 1ºESO.4. Elección das titorías seguindo criterios pedagóxicos.
Indicadores	<ul style="list-style-type: none">→ Establecer unha hora semanal de reunión do profesorado titor dos grupos con alumnado con dificultades específicas de aprendizaxe, para ir axustando as intervencións.→ Realización dunha reunión quincenal co resto do profesorado titor para atender as necesidades que vaian xurdindo durante o curso e presentar as diferentes unidades das que se compón o PAT.→ Realización dun mínimo de 10 Intervencións co alumnado e/ou grupos que precisen atención, orientación e apoio por atoparse en risco de fracaso no sistema educativo por diversas razóns.→ Nomeamento titores de 1º ESO seguindo criterios pedagóxicos.
Responsables	Equipo directivo, departamento de orientación e titores/as.

OBXECTIVO Nº 7	Fomentar proxectos e procesos de innovación educativa.
Actuacións	<ol style="list-style-type: none"> 1. Plan de formación permanente do profesorado con seguintes itinerarios formativos: metodoloxía a empregar proxecto LOVA, análise e modificación dos espazos interiores e exteriores dende a biblioteca escolar, traballo cooperativo na aula (consolidación e introdución), prácticas restaurativas, polos creativos (radio escolar), igualdade, lectura, escritura e tratamento da información. 2. Solicitar a liña EDUexcelencia e EDUsostibilidade dentro dos contratos programa CP innova, planificando diferentes proxectos nos que ao longo do curso se traballará de forma cooperativa. 3. Participación na Semana das Ciencias organizada polo Concello de Ponteareas con varios proxectos.
Indicadores	<ul style="list-style-type: none"> → Posta en marcha do PFPP cos itinerarios formativos e as actividades propostas. → Realización dun proxecto neste ámbito por curso. → Presentación dun proxecto por curso na ESO na semana das ciencia de Ponteareas.
Responsables	Equipo directivo, Equipo Biblioteca Escolar, profesorado dinamizador da convivencia, Coordinadoras/es do PFPP

OBXECTIVO Nº 8	Actualización do Plan Dixital.
Actuacións	<ol style="list-style-type: none"> 1. Reacción do novo plan dixital definindo as liñas fundamentais a partir da análise de situación, marcando uns obxectivos específicos e actuacións medibles (indicadores), realistas e axustados a un marco temporal 2. Formación en competencia dixital docente e integración didáctica das TIC. 3. Reducir o consumo de papel, incrementando a dixitalización dos procedementos administrativos, comunicacións, apuntamentos, exames. 4. Definir a estratexia para a difusión do plan dixital entre a comunidade educativa. 5. Dotar ao alumnado de bacharelato de medios TIC 6. Realizar unha avaliación procesual cada trimestres e unha avaliación final anual do desenvolvemento das liñas fundamentais de actuación do Plan Dixital.
Indicadores	<ul style="list-style-type: none"> → Elaboración do plan dixital no 1º trimestre. → Acadar unha porcentaxe do 90% de profesorado cun nivel de competencia dixital A1. → Reducir nun 10% o consumo de papel. → Realización dun mínimo dun curso de formación sobre educación dixital. → Dotas a todo o alumnado de 1º bacharelato dun equipo informático portátil.
Responsables	Equipo directivo e Equipo de dinamización do Plan Dixital.

OBXECTIVO Nº 9	Propiciar a participación e colaboración das familias vida do Centro.
Actuacións	<ol style="list-style-type: none"> 1. Establecer vínculos de colaboración e cooperación entre o centro, as familias e o alumnado. 2. Facilitar tempos e espazos de encontro de familias, docentes e alumnado que favorezan a conciencia de comunidade. 3. Organizar actividades de formación e información, en colaboración coa ANPA dirixidas ás nais e pais. 4. Consolidar a Escola de Familias.
Indicadores	<ul style="list-style-type: none"> → Informar sobre criterios de avaliación, promoción e titulación, e das normas de convivencia. → Informar puntualmente das faltas de asistencia e de conduta dos seus fillos/as. → Comprometer ás familias para que subscriban compromisos educativos ou de convivencia, establecendo mecanismos de coordinación co profesorado e orientación, colaborando nas solucións que se propoñan. → Organizar un mínimo dunha actividade informativa sobre orientación escolar para as nais e pais. → Facilitar o uso das instalacións do Centro ás familias nos termos que dispoña o Consello Escolar. → Organizar un mínimo dunha a actividade formativa na que interveñan as familias. → Organizar e desenvolver o club de lectura de adultos aberto a pais, nais, docentes e alumnado de bacharelato. → Organizar unha actividade interxeneracional que favoreza o coñecemento e a relación entre familias, alumnado e profesorado. → Organizar un mínimo de 5 sesións da Escola de Familias.
Responsables	Equipo directivo, Departamento de Orientación, Equipo Biblioteca Escolar, Titoras/es.



OBXECTIVO Nº 10	Abrir o Centro á comunidade e potenciar as relacións coas institucións e organismos do contorno.
Actuacións	<ol style="list-style-type: none">1. Establecer relacións con empresas, organizacións e institucións do contorno para o desenvolvemento da FCT do alumnado de FP Básica.2. Realizar xornadas de acollida de futuros alumnos/as e xornada de portas abertas para os pais e nais do futuro alumnado, coa finalidade de que coñezan o Centro.3. Participación e colaboración en actividades extraescolares, culturais, sociais e de ocio organizadas pola comunidade.4. Manter as canles de comunicación e potenciar as existentes co Concello, Empresas e outras organizacións educativas.5. Impulsar a colaboración cos outros centros educativos da zona.
Indicadores	<ul style="list-style-type: none">→ Realización da FCT do noso alumnado en distintas empresas e institucións da vila.→ Realización dunha xornada de portas abertas por curso académico.→ Participar nun mínimo dunha actividade extraescolar organizadas pola comunidade.→ Participar nas actividades educativas propostas polo Concello.→ Realización de reunións de coordinación e organización de actividades conxunta con periodicidade mensual.
Responsables	Claustro, Equipo directivo, Equipo Biblioteca Escolar, Departamentos didácticos.

OBXECTIVO Nº 11	Aumentar o grado de satisfacción de todos os membros da comunidade educativa co centro
Actuacións	<ol style="list-style-type: none"> 1. Obter información, mediante enquisas, sobre o nivel de satisfacción do alumnado, profesorado, persoal non docente, nais e pais que permita a autoavaliación e mellora do noso traballo. 2. Potenciar a Xunta de Delegados/as como un instrumento operativo e corresponsable na toma de decisións sobre temas que afectan á comunidade educativa. 3. Facilitar o acceso da comunidade educativa ao centro e aos medios que dispoñemos. 4. Manter e mesmo incrementar a comunicación do profesorado e equipo directivo coas familias do alumnado por diversas canles, manténdoo informado do seu rendemento académico, actitude e conduta. 5. Buscar as achegas, suxestións e o consenso do claustro na toma de decisións ou na aprobación de plans e proxectos nos que non se require a súa aprobación.
Indicadores	<ul style="list-style-type: none"> → Realización anual de enquisas a toda a comunidade educativa sobre o nivel de satisfacción co centro a todos os membros da comunidade educativa. → Convocar á Xunta de Delegados/as cunha periodicidade mínima trimestral. → Crear unha caixa de reclamacións, suxestións e queixas a disposición da comunidade educativa. → Publicación da información de distinta natureza sobre a organización, funcionamento, calendarios de exames e outras convocatorias na páxina web, nos taboleiros, abalar móbil e SMS. → Conseguir o consenso no Claustro e no Consello Escolar en todas as decisións importantes que tome a dirección.
Responsables	Claustro, Equipo directivo, Orientación e Departamentos didácticos.

2. ACTUALIZACIÓN E AVALIACIÓN DO PLAN ESTRATÉXICO DE MELLORA (PEM).

A elaboración do PEM tivo lugar no 2º e 3º trimestre do curso pasado, aprobándose por parte do Claustro e o Consello Escolar do Centro no mes de maio do ano 2023. Está publicado na páxina web do centro, ocultado os datos diferenciados do perfil de diversidade do alumnado, amosando só os datos globais. Ademais comunicouse a comunidade educativa dita publicación na páxina web do centro.

O curso pasado implementáronse as actividades panca A233 (Dinamización da biblioteca) e continuouse desenvolvendo a actividade panca A230 (Actividades de reforzo para a mellora e éxito educativo para alumnado e familias).

No presente curso académico, ademais de seguir desenvolvendo as anteriores actividades panca, implementárase a actividade panca A580 (Creación de espazos inclusivos) e procederase a modificar o PEM, actualizando os datos de características e singularidades do centro, perfil de diversidade do alumnado e axustando a redacción dos indicadores dos obxectivos PROA+.

En relación da actividade panca A230, solicitouse un profesor/a da especialidade de pedagogía terapéutica (incorporado o 04/10/2023 a media xornada) para atender o alumnado vulnerable dos grupos de 1º e 2º ESO.

No referente a actividade panca A580 seguiranse a ofrecer diversas actividades e obradoiros dende a biblioteca escolar dirixidos ao alumnado, profesorado e familias.

A implementación do actividade A580 centrarase no obxectivo PROA+, Avanzar cara unha escola inclusiva e sen segregación interna no centro. Para tal fin, neste curso centrarémonos na accesibilidade cognitiva do centro e en mellorar a satisfacción do alumnado cos espazos internos e externos do centro.

A finais de curso realizarase unha avaliación do PEM baseada nos resultados das enquisas de avaliación das distintas actuacións realizadas ao alumnado, profesorado e familias.

Avaliación do PEM

Para avaliar o grao de desenvolvemento das actividades pancas establecemos os seguintes indicadores:

- Actividade PANCA A230, Actividades de reforzo para a mellora e éxito educativo para alumnado e familias, ten como obxectivo PROA+ reducir o alumnado con dificultades de aprendizaxe, establecéndose os seguintes indicadores: 85% alumnado ESO que promociona sen materias pendentes e 40% do alumnado vulnerable que aproba todas as materias na avaliación final.
- Actividade PANCA A233, Dinamización de bibliotecas escolares, ten como obxectivo PROA+ conseguir e manter un bo clima no centro educativo, establecéndose os indicadores 25% alumnado que participa nas actividades promovidas dende a biblioteca e aumentar nun 30% a utilización da biblioteca como lugar para implemantar proxector interdisciplinares.
- Actividade PANCA A580, Creación de espazos inclusivos, ten como obxectivo PROA+ avanzar cara unha escola inclusiva e sen segregación interna no centro, establecéndose os seguintes indicadores: incrementar nun 50% a porcentaxe de alumnado que se manifesta satisfeito cos espazos do centro e aumentar nun 40 % as actuacións que facilitan a accesibilidade cognitiva no centro.

3. HORARIO XERAL DO IES

- **Horario de apertura do centro**
 - Luns mañá: 08:15 a 15:00
 - Luns tarde: 16:00 a 18:30
 - De martes a venres: 08:15 a 15:00
- **Horario lectivo**
 - De luns a venres: 09:00 a 14:30
 - Luns: 16:30 a 18:10
- **Horario non lectivo**

Nos períodos non lectivos, o centro permanecerá aberto, atendido polo persoal de conserxería, administración e un membro do equipo directivo. Segundo o acordo tomado coas direccións do IES Val do Tea e o IES Pedra da Auga, os tres centros permanecerán abertos os días 27, 28 de decembro de 2023, 3 e 4 de xaneiro de 2024 durante o período non lectivo de Nadal. Ademais dos días 25 e 26 de marzo de 2024 correspondentes a período non lectivo de Semana Santa. Estarán pechados os días 20, 21 e 22 de febreiro de 2024 correspondentes os días non lectivos de entroido. Os días non lectivos que o centro permaneza pechado colocarse un cartel cun teléfono de contacto coa dirección para atender solicitudes de documentación ou urxencias.

No mes de agosto o centro permanecerá aberto atendido polo persoal de conserxería en horario de 10 a 13 h, en contacto telefónico cun membro do equipo directivo para resolver calquera incidencia.

- **Horas e condicións da dispoñibilidade de uso das instalacións para o alumnado**

Estará dispoñible o uso das instalacións do centro en horario non lectivo previa solicitude por escrito ante a dirección do centro.

- **Horario de verán**
 - Xullo: de luns a venres de 09:00 a 14:00 h
 - Agosto: de luns a venres de 10:00 a 13:00 h

4. ORGANIZACIÓN DOS SERVIZOS COMPLEMENTARIOS

○ Transporte escolar

- **Nº de alumnos/as** usuarios do transporte escolar: **307**
- **Nº de rutas:** 9 de autobús.
- **Empresas:** Autocares MONBUS (2 rutas) e Autocares LUGOVE. (6 rutas).
- **Itinerarios:**

XG62200801: E.A Pontearreas-Prado de Canda	
PARADAS	CÓDIGO
E.A Pontearreas	
IES Val do Tea	
IES do Barral	
Barral	J1
Arcos	J2
Camba	J3
Rabuñade	J4
Souto	J5
Paredes	J6
Choucelas	J7
Vilasobroso	J8
Poñe	J9
Meirol	J10
Medelas	J11
Paraños	J12
Lamosa	J13
Corzos	J14
Prado da Canda	J15

XG62201301: E.A Pontearreas- Bugariña	
PARADAS	CÓDIGO
E.A Pontearreas	
IES do Barral	
Barral	K1
Arcos	K2
Camba	K3
Rabuñade	K4
Souto	K5
Paredes	K6
Choucelas	K7
Vilasobroso	K8
Poñe	K9
Meirol	K10
Paraños	K11
Covelo	K12
Hermida	K13
Carballeda	K14
Maceiras	K15
Castro	K16
Fofe	K17
Campo	K18
Sampedro	K19
Godóns	K20
Fondo da Vila	K21
Prado da Canda	K22
Bugariña	K23

XG66900701: IES do Barral- Souto	
PARADAS	CÓDIGO
IES do Barral	
R/ dos Carballos(E.st.Aut)	C1
As Cachadas II	C2
As Cachadas I	C3
Antorcha	C4
Cristiñade (tenda)	C5
5 Esquinas	C6
Chan Espiño	C7
Nogueira Areo	C8
Tenda (Dorinda)	C9
Souto (Nogueira)	C10

XG66900301: IES do Barral- Couso	
PARADAS	CÓDIGO
IES do Barral	
R/ dos Carballos(Est.Aut)	F1
O Reiro(Rest.Pontearreas)	F2
Ganade Fábrica	F3
Ganade O Souto	F4
Ganade A Devesa	F5
Guláns Chafre	F6
Souto	F7
Guláns Igrexa	F8
CEIP Feliciano Barrera	F9
Outeiro de Foxo	F10
Couso	F11

XG62201701: E.A Pontearreas- Pazos	
PARADAS	CÓDIGO
E.A Pontearreas	
IES do Barral	
Barral	A1
Arcos	A2
Camba	A3
Rabuñade	A4
Souto	A5
Choucelas	A6
Vilasobroso	A7
Poñe	A8
Campados	A9
Meirol	A10
Paraños	A11
Medelas	A12
Baldomar	A13
Sta.Marina	A14
Santa Mariña	A15
Covelo	A16
Hermida	A17
Pedregal	A18
Pazos	A19

XG62203201: Barral — Bugariña	
PARADAS	CÓDIGO
Riocortiñas	K24
A Mouta	K25
San Breixo	K26
Vixiáns	K27
Castro	K28
Maceiras	K29

XG66900201: IES Barral- Fontenla	
PARADAS	CÓDIGO
IES do Barral	
San Vicente	B1
Canedo (Pontearreas)	B2
Canedo (Areal)	B3
Correlo (Michelin)	B4
A Gándara	B5
Ponte Alta	B6
Beasque	B7
Ceo	B8
Fontenla	B9

L,M,Mc,X e V ás 7:45 h

XG66901301: Cumiar - IES do Barral	
PARADAS	CÓDIGO
IES do Barral	
Urbanización "A Xaniña"	G1
San Lorenzo	G2
Valverde	G3
A Volta	G4
Portela	G5
Santiago de Oliveira	G6
CEIP Stgo. Oliveira	G7
Cruz Balado	G8*
Uma Casal	G9*
Uma Outeiro	G10*
Pio	G11*
Guillade de Arriba	G12
Cumiar	G13

*Estas 4 paradas ao mediodía e os luns pola tarde faina a ruta vermella XG66901401

L,M,Mc,X e V ás 14:35 h/18:15 h./L 15:50 H.

XG66901001: IES do Barral- Cumiar	
PARADAS	CÓDIGO
IES do Barral	
Urbanización "A Xaniña"	G1
San Lorenzo	G2
Valverde	G3
A Volta	G4
Portela	G5
Stgo. de Oliveira	G6
CEIP Stgo. Oliveira	G7
Guillade de Arriba	G8
Cumiar	G9

L,M,Mc,X e V ás 8:00 h

XG66901101: Avda. Sarmiento Rivera — IES do Barral	
PARADAS	CÓDIGO
IES do Barral	
CEIP Stgo. Oliveira	D1
Cruz Balado	D2
Piñeiro Manso	D3
Fonte do Campo	D4
Carreira	D5
Soutelo	D6
Celeiros	D7
Portela	D8
Volta (A Duca)	D9
Beasque	D10
Ceo	D11
Cemiterio Ponteareas	D12
Avda. Sarmiento Rivera	D13

L,M,Mc,X e V ás 14:35 h/18:15 h./L 15:50 H.

XG66901401: IES do Barral - Uma Outeiro	
PARADAS	CÓDIGO
IES do Barral	
Celeiros	D1
Soutelo	D2
Cruz Balado	D3
Pio	D4
Uma Casal	D5
Uma Outeiro	D6

XG66900901: IES do Barral- Puzo	
PARADAS	CÓDIGO
IES do Barral	
R/ dos Carballos(Est.Aut)	E1
S. Mateo Manga	E2
S. Mateo Farete	E3
S. Mateo Capilla	E4
Puzo Feira	E5

- **Xunta de autoprotección**
 - Director: Álvaro Groba Casal
 - Docente: M^a Elena Lorenzo González
 - PAS: Hector González Figueroa
 - ANPA: Marta Groba González

Os aspectos educativos do presente plan xeral anual foron aprobados polo claustro do profesorado na sesión ordinaria do 25 de outubro de 2023 e foron presentados no Consello Escolar do centro na sesión ordinaria do 26 de outubro de 2023.